



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega da Administración Pública é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. En concreto é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación ao persoal empregado público.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. A Universidade de A Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. A Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Obxecto

O convenio terá por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, así como a participación do persoal dependente das universidades asinantes nas actividades da EGAP; actuando da forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

No convenio establécense todas as actividades formativas que a EGAP convocará destinadas exclusivamente para o persoal de administración e servizos das tres universidades do sistema universitario de Galicia e sinálase ademais que se lle reservará a este persoal unha cota do 10% das prazas que se convoquen no portal



de idiomas, do portal formativo ofimático, así como dos cursos en materia de igualdade e violencia de xénero que prevea o plan de formación anual da EGAP.

(4) Impacto económico

1. Nos cursos incluídos no Plan Anual de Formación da EGAP como cursos das Universidades, a EGAP financiará os custos dos cursos de formación continua cunha achega dun importe de 33.812 euros euros con cargo á partida orzamentaria 07.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2021.
2. De acordo coa tramitación ordinaria da formación continua da EGAP, nos cursos de igualdade e violencia de xénero, nos cursos relativos ao plan formativo ofimático e ao portal de idiomas, a EGAP financiará os seus custos con cargo á partida orzamentaria 07.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2021, equivalendo á cota do 10% que se reserva ao persoal das Universidades a 26.726,15 euros.

Estes importes correspóndense cos fondos que a Comunidade Autónoma de Galicia recibe en virtude do acordo de reparto de fondos que de xeito anual se aproba no seo da Comisión Xeral de Formación Para o Emprego das Administracións Públicas, tendo, polo tanto, a consideración de finalistas.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase coas tres universidades anteditas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2021, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, podendo prorrogarse de forma expresa por anualidades naturais.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as actuacións de referencia, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario Xeral da EGAP,

Sergio Domingo Baamonde Boquete

